

Dous exemplos das dez actividades foron as seguintes:

## “SOLITAIRE” CELTA

Xogo moi interesante para experimentar, extraer conclusións, buscar notacións axeitadas , e sobre todo de practicar diversas estratexias de resolución de problemas.


As regras do xogo son as seguintes:

- *En cada movemento unha bola salta sobre outra a un oco baleiro e comea (como nas damas).*
- *Os saltos pódense facer en vertical ou en horizontal pero non en diagonal.*
- *Unha ficha pode dar máis dun salto se cumpre as condicións anteriores.*
- *O obxectivo é deixar unha sóa bola no lugar baleiro inicial.*

**Puntuación: Depende do número de bolas que se deixen:**

**Unha vez que consideredes que o sabedes realizar deberedes facelo diante dun membro da comisión.**

<b>1 bola no centro.....</b>	<b>10 puntos</b>
<b>1 bola noutro lugar.....</b>	<b>8 puntos</b>
<b>2 bolas.....</b>	<b>6 puntos</b>
<b>3 bolas.....</b>	<b>4 puntos</b>



## NO ALTO DA CATEDRAL

Unha forma de calcular-lo alto da torre da Berenguela da Catedral pode ser subir ó pico, tirar unha corda e logo medila. Pero como non estamos de escalada teredes que facelo dende a praza da Quintana dispoñendo dunha escadra e dunha cinta métrica.

### Puntuación:

#### Co desenvolto ben feito:

Dentro dun marxe de erro de  $\pm 2$  m.....10 puntos

Dentro dun marxe de erro de  $\pm 5$  m..... 8 puntos

Dentro dun marxe de erro de  $\pm 8$  m..... 6 puntos

Erro maior de 8 m..... 4 puntos



CATEDRAL. Berenguela